CEIP Condesa de Fenosa 2018/2019

Memoria do Equipo de Dinamización da Lingua Galega

1.- PRESENTACIÓN

Esta memoria pon o peche final ó curso 2018/2019, servindo de balance das actividades levadas a cabo e de proba documentada das mesmas.

A memoria é realizada pola coordinación do equipo de dinamización de lingua galega do centro de educación infantil e primaria Condesa de Fenosa de O Barco de Valdeorras (Ourense) ó longo do mes de xuño do ano 2019.

2.- SITUACIÓN PREVIA E PREPARACIÓN DAS ACTIVIDADES

O CEIP Condesa de Fenosa é un centro no que se recolle a todo o alumnado do concello de O Barco de Valdeorras, compartindo esta función con outros dous centros públicos e un concertado. O noso centro conta cun total de 352 alumnas e alumnos de educación infantil e primaria.

O equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) está composto por profesorado do propio centro, sendo estas as persoas integrantes:

	MESTRAS MEMBRAS do EDLG	CARGO
1	Juan Andŕes Cotarelo González	AL
2	Aurora Delgado Pérez	Titora primaria
3	María Nieves Escuredo López	Titora infantil
4	Xoaquín Carlos Freixeiro Álvarez	Xefatura de estudos e música
5	Diana Gómez Fernández	PT
6	Rubén López Fernández	PT
7	Noelia Maceda Gallego	Coordinadora infantil
8	Marién Moldes Cobelas	Titora primaria
9	Alicia Novoa Rodríguez	Titora primaria
10	Verónica Rúa Garrido	PT

COORDINACIÓN DO EDLG	
Manuel González Crespo	Titor primaria

Para a preparación das actividades fixáronse unha serie de condicións:

- Reunións ordinarias de forma mensual durante a hora de permanencia extraordinaria.
- Reunións extraordinarias cando sexa preciso para a preparación de diversas actividades.
- Unha reunión extraordinaria ao inicio do curso académico para a preparación das diversas actividades e a posta en marcha do grupo.

Co inicio do curso se establecen dous tipos de actividades que se desenvolverán ao longo de todo o curso académico:

Actividades permanentes	Aquelas que se desenvolven ao longo de todo o curso, sen unha temporalización concreta.
Actividades temporais	Cunha temporalización máis puntual. Estas poderiamos clasificalas en actividades conmemorativas -abarcando un só día- ou continuadas -cando xa nos referimos a un percorrido semanal ou quincenal-.

3.- ACTIVIDADES DESENVOLTAS E OBXECTIVOS ACADADOS

A continuación realizamos unha relación de tódalas actividades, indicando o seu grao de consecución, o material empregado e o custo económico que puido existir. Ao principio incluiremos tódalas actividades permanentes e despois iremos por aquelas temporais, seguindo unha orde cronolóxica.

	ACTIVIDADE	OBXECTIVOS ACADADOS
1	**Cadernos informativos de pais e nais**	Continúase con este labor dende anos pasados, onde animamos ao profesorado a empregar uns modelos realizados polo EDLG para usar nas titorías.
		Recursos empregados: material funxible do centro e gasto de fotocopiadora. **Presuposto**: 30€
2	**Tradución de materiais e recursos**	Esta actividade permanente lévase a executar dende hai xa varios cursos, onde imos animando a traducir materiais e recursos ao galego; especialmente se realiza no eido dixital, onde é complicado atopar recursos no noso idioma.
		Recursos empregados: material funxible do centro e gasto

		de fotocopiadora.
3	**Asesoramento na revisión de documentos de centro**	Continuamos con este labor, onde cada membro do EDLG que forma parte doutros organismos de centro colabora en animar e fomentar o uso do noso idioma nos documentos do propio centro.
		Recursos empregados: material funxible do centro e gasto de fotocopiadora.
4	**Todos os martes conto**	Actividade en colaboración co equipo da biblioteca no que se aproveita a hora de titorías para que o alumnado que fique no centro ben porque as súas familias se atopan nunha titoría ou ben para aqueles que o desexen, asistan a actividades de contacontos en galego na biblioteca.
		Recursos empregados: material da biblioteca e libros.
5	**Vaille co conto ao profe**	Durante as horas de recreo ou de comedor, o alumnado máis cativo pode lerlle un conto ao mestre ou mestra que se atopa facendo garda de biblioteca.
		Recursos empregados: material da biblioteca e libros.
6	**Na busca do tesouro**	Actividade realizada na biblioteca para se iniciar no manexo dos fondos informáticos.
		Recursos empregados: material da biblioteca e libros.
7	**O Barquiño de papel**	Actividade colaborativa coa biblioteca. De forma mensual se manda unha circular na que se informa de actividades a desenvolver ao longo de todo o mes na biblioteca, así como tamén se anima ao alumando a participar nas mesmas. Ademais, tamén se incorpora algún tipo de reto para o alumnado consistente na procura dalgún dato ou na elaboración dalgún xoguete empregando material reciclado. Este ano se lanzaron varios retos relacionados coa papiroflexia e coa reciclaxe de CD usados para construír vehículos.
		Recursos empregados: material do centro e gasto de fotocopiadora. **Presuposto**: 30€
8	**Os nosos autores en voz alta**	Actividade complementaria da lectura silenciosa. Cada venres, en lugar de realizarse a lectura silenciosa individual habitual, se realiza unha lectura na que o alumnado dunha clase en concreta vai a ler ás demais clases e espazos do centro.

		O texto que se le pode saír de dúas fontes: • Un libro que imos lendo de forma colectiva -normalmente unha selección de poemas infantís en galego-. • Algún texto traballado na aula en galego.
		Recursos empregados: material da biblioteca e libros.
9	**Clubes de lectura e escritura**	Actividade colaborativa entre tódolos equipos de obradoiros do centro e o profesorado de audición e linguaxe e pedagoxía terapéutica. Co obxectivo de darlle un enfoque máis individualizado e ameno ao traballo da lectoescritura, se constitúen estes obradoiros que se realizan durante o tempo de lecer do alumnado de forma voluntaria. Nestes obradoiros se practica e se xoga coas letras, animando ao alumnado a mellorar tanto as súas habilidades de escritura como de lectura, a tódolos niveis. Ó finalizar o curso se recopilou todo o traballo realizado e se fixo un reparto de premios ao alumnado máis colaborador con estas actividades.
		Recursos empregados: material da biblioteca, material escolar variado, xogos de letras e material funxible. **Presuposto**: 50€
10	**Lectura silenciosa**	Tódalas mañás, os primeiros quince minutos, son adicados á lectura silenciosa. Este recuncho de tempo nos serve para fomentar a lectura por pracer, xa que cada alumna e alumno le o que lle apetece e as mestras e mestres fan o propio tamén. Durante estes minutos de lectura se anima ao alumnado tanto a coller libros de préstamo da biblioteca como tamén a escoller libros escritos en lingua galega. Este ano a lectura silenciosa continuou a ser un éxito.
		Recursos empregados: material da biblioteca e libros.
11	**Taboleiro de aniversarios**	Taboleiro empregado polo alumnado de educación infantil e primeiro ciclo de educación primaria. Neste taboleiro o alumnado que estea de aniversario nesa quincena recibe mensaxes por parte das súas compañeiras e compañeiros en galego.
		Recursos empregados: material funxible do centro. **Presuposto**: 40€
12	**Actividades extraescolares e**	Coma tódolos anos animamos a que as actividades extraescolares e complementarias realizadas o sexan en

	complementarias en galego	idioma galego para darlle maior profundidade e utilidade á nosa lingua.
		Recursos empregados: non se empregou material.
13	**Feira do samaín**	Realizada o mércores 31 de outubro de 2018. Esta actividade foi orientada ao alumnado de educación infantil e o primeiro ciclo de educación primaria, contando coa colaboración voluntaria das familias deste alumnado. As familias organizaron xogos sobre a temática do terror e onde o alumnado ía rotando ao longo de toda a tarde xunto co resto do seu grupo. Algúns dos xogos que se realizaron foron: lanzar pelotas dentro da boca dos monstros, levar o ovo na culler e unha xincana do terror entre outras actividades.
		Recursos empregados: material funxible do centro, caixas de cartóns, maquillaxe para pel, disfraces para o alumnado participante, material de decoración para os corredores e para o pavillón deportivo. Doces de samaín. **Presuposto**: 85€
14	**Seres mitolóxicos do samaín**	Realizada ao longo da última semana de outubro de 2018. Esta actividade foi convocada pola Asociación *Unhas Letras para Florencio* e a Biblioteca Municipal de O Barco de Valdeorras, dirixida ao alumnado de sexto curso. A actividade consistía na elaboración de representacións de seres mitolóxicos da cultura galega con materiais reciclados. Esta misión foi enviada a todo o alumnado de sexto de educación primaria dos colexios e de primeiro da ESO dos institutos do concello. Ao noso centro nos tocou representar as mouras como ser mitolóxico o que nos levou a unha investigación sobre lendas relacionadas coas mouras na zona e á representación nun taboleiro de cartón de 1,5 metros por 4 metros dunha imaxe dunha moura que despois foi pintado con pintura de dedos e papeis de cores.
		Recursos empregados: material funxible do centro, pintura, papeis de cores e un cartón reutilizado. **Presuposto**: 25€
15	**Entre Lusco e Fusco**	Realizada o venres día 2 de novembro de 2018.

		Ás 18:00 realízase unha apertura de portas ao alumnado e as súas familias que quixesen participar voluntariamente. Na biblioteca do centro foron recibidos por mestres voluntarios que quixeron participar na actividade, xunto con dúas persoas voluntarias da asociación *gargallada* de teatro de O Barco de Valdeorras. Alí se produciu unha lectura de contos de terror durante unha hora.
		Recursos empregados: material funxible do centro, pintura, papeis de cores e un cartón reutilizado.
16	**Exposición de seres mitolóxicos**	Realizada o venres día 2 de novembro de 2018. O traballo realizado por todo o alumnado do concello é exposto na biblioteca e se realiza unha visita á mesma. Alí asistimos a unha presentación interactiva con xogos sobre os diferentes persoeiros da mitoloxía e do terror da cultura galega.
		Recursos empregados: non se empregou material para esta actividade.
17	**Recuncho seguro no día do Samaín**	Ao longo da festividade de Samaín e como resposta a unha proposta de mellora do ano anterior en conxunto co Departamento de Orientación, decidimos crear un recuncho libre de terror. As normas que se estableceron para este recuncho son: • Non se pode entrar disfrazado. • Non se pode dar sustos. Ademais tamén organizamos encontros entre o alumnado da biblioteca co alumnado que viña disfrazado onde este último sacaba as súas máscaras e se presentaba ao alumnado que optaba pola biblioteca.
		Recursos empregados: non se empregou ningún material.
18	**Túnel do terror**	Realizada o mércores 31 de outubro de 2018. A súa preparación estendeuse dende a primeira quincena de outubro. Actividade non realizada nos últimos anos e recuperada para este ano por petición do alumnado. A actividade consiste en crear unha obra de teatro completamente en galego e interactiva por parte do

		alumnado de sexto de educación primaria e onde todo o alumnado colaborase dalgún xeito. Despois durante a súa representación -ó longo de todo o día do 31 de outubro- o alumnado dos diferentes cursos irían circulando polo noso túnel do terror. A obra, creada polo alumnado, consistía nunha fuga de monstros dos libros da biblioteca. Debido a que a biblioteca se atopa na planta baixa era preciso coller un helicóptero na planta superior. A partir de que o alumnado fose sacado da aula -aqueles que non querían participar podían ficar na aula- comezaba a obra, intensificándose ao chegar á planta superior onde se concentraban a práctica totalidade do alumnado de sexto curso. Orixinalmente prevista só para o terceiro e segundo ciclo, ao final tamén participou o primeiro ciclo e algunha clase de educación infantil.
		Recursos empregados: material funxible do centro, maquillaxe de samaín, disfraces, decoración de samaín, cabazas, candeas e doces de samaín. **Presuposto**: 100€
19	**Magosto**	Actividade realizada o venres 16 de novembro de 2018. En colaboración coa Asociación de Nais e Pais *Calabagueiros* e cos diferentes equipos. Nesta celebración se realizan actividades de xogos e de comer castañas asadas. Así mesmo, nas aulas tamén se realizaron actividades de construción de cestas para as castañas con papel reciclado.
		Recursos empregados: material reciclado.
20	**Peóns ao camiño**	Realizada na semana do magosto do 12 ao 16 de novembro de 2018. En colaboración cos mestres de educación física. Se traen diferentes peóns que competirán na categoría de *peóns tuneados* e tamén a nivel de habilidade facéndoos bailar.
		Recursos empregados: o material é proporcionado polo alumando en forma de peóns.
21	**Xornada internacional contra a violencia de xénero**	Realizada o 23 de novembro de 2018. Debido aos recentes sucesos previos a ese día, no que se atopara o cadáver asasinado de Laura Luelmo en Huelva a

		actividade centrouse neste aspecto. Ademais se decorou o centro con mensaxes contra as violencias machistas feitos en galego e coa decoración das portas -pintándoas de violeta- e coa mensaxe de *ti tes a chave*. O alumnado de infantil, ademais, participou na creación dun camiño para a igualdade que comezaba na valla e se dirixía cara o interior do centro.
		Recursos empregados: material funxible do centro: papel de cores, papel pinocho, pegamento e material reciclado. **Presuposto**: 16€

22	**Semana da ciencia en galego**	Realizada entre o 19 e o 23 de novembro.
		
		Cada ciclo de educación primaria e toda a etapa de educación infantil adicaron estes días a traballar a ciencia no noso idioma. O xeito de facelo foi diferente en infantil e en primaria:
		
		• Infantil: os experimentos foron realizados polas familias e expostos por estas ao alumnado. Os experimentos traballados foron:
		  ○ Flotabilidade na auga
		  ○ Plastilina caseira
		  ○ Flotabilidade en diferentes mesturas
		• Primaria: os experimentos foron realizados polo alumnado e despois presentado dunha aula a outra dentro do mesmo ciclo. Ademais foron gravados para seren proxectados nos restantes ciclos.
		  ○ Imáns
		  ○ Creación dun aparato respiratorio artificial.
		  ○ Experiencia sobre a presión do aire.
		  ○ Fabricación de neve artificial.
		  ○ Descomposición da luz.
		  ○ Creación de slime.
		  ○ Experiencia sobre a pilorosidade.
		  ○ Escume máxico.
		  ○ Creación de xelatina xigante.
		  ○ Circuítos eléctricos.
		  ○ Separación de mesturas heteroxéneas con imáns.

		Recursos empregados: material funxible do centro e material para os experimentos. **Presuposto**: 50€
23	**A caixa de correos**	Iniciada a finais do mes de novembro de 2018 e

		estendéndose até febreiro de 2019. Xestionada por un mestre membro do EDLG e no que o alumnado poderá mandar cartas de correo tanto externas como internas.
		Recursos empregados: material funxible do centro para decorar o buzón. **Presuposto**: 8€
24	**O Nadal no Condesa: festival**	Realizado o xoves 20 de decembro e o venres 21 de decembro. As actuacións foron realizadas polo alumnado. O noso equipo animou a que se realizasen en galego para fomentar o seu uso en contextos lúdicos.
		Recursos empregados: non se empregou material dende o EDLG.
25	**O Apalpador no Condesa**	Realizada o mércores 19 de decembro de 2018. Un mestre do centro se disfrazou desta personaxe e percorreu a etapa de educación infantil e o primeiro ciclo de primaria para darlle forma a esta lenda recentemente recuperada.
		Recursos empregados: agasallos de madeira para os seis grupos de infantil e caramelos para o primeiro ciclo de primaria. **Presuposto**: 300€
26	**Xornada da paz**	Realizada o mércores 30 de xaneiro de 2019. A preparación se iniciou á volta das vacacións de Nadal. Dende o EDLG animamos a empregar unha canción en galego que transmitise os valores de paz. Esa canción foi *eu teño alguén* e decidimos gravar un vídeo no que saíse todo o alumnado e decorando a gravación con pictos realizados polo propio alumnado.
		Recursos empregados: material funxible do centro, plastificación e decoración. **Presuposto**: 12€
27	**A nosa voz conta**	Realizada ao longo do segundo e terceiro trimestre de 2019. Esta actividade parte dunha iniciativa do concello de O Barco de Valdeorras ao querer formar parte do colectivo de cidades amigas da infancia.

		O noso centro debe escoller catro alumnas ou alumnos de entre os cursos de terceiro a sexto. O noso centro decide que serán un por cada curso e se realizará a través dunha votación real -con constitución de mesa electoral- na que se realizarán debates. Unha vez constituído o grupo de catro titulares e catro suplentes, estas oito rapazas e rapaces actuarán como representantes cara o concello do noso centro.
		Recursos empregados: material funxible para os cartaces electorais e fotocopias de papeletas. **Presuposto**: 8€
28	**O agarimo da lingua**	Realizada ao longo da semana do 11 ao 15 de febreiro, coincidindo coa semana que se celebra San Valentín e xusto a semana despois do día dos paxariños -o día do amor en Galicia-. Coa intención de crear un concepto de amor diferente ao romántico e baseado no agarimo entre iguais, creamos un cartel en vermello e en branco coa palabra agarimo. Esta palabra deberá encherse de cor coas mensaxes escritas polo alumnado de forma anónima. Ademais se constitúe coma un fondo para fotografías para o alumnado e as súas mestras e mestres.
		Recursos empregados: material funxible, papel vermello continuo para o fondo, cartolinas brancas A3 para cada letra, pegamento, un xogo de rotuladores para escribir as mensaxes e caretas e adornos para as fotografías. **Presuposto**: 32€
29	**O Día de Rosalía**	Realizada o 24 de febreiro de 2019. O 24 de febreiro, data do nacemento de Rosalía, é cando recordamos a existencia desta autora. Nesta ocasión se programaron diferentes actividades: • Elaboración dunha rosa de papel con xornal reciclado. • Traballo da biografía de Rosalía nas aulas. • Lectura de poemas nos cambios de hora a través da megafonía, substituíndo o típico timbre. • Traballo no terceiro ciclo da temática da violencia de xénero e da migración mediante dous poemas: a *xustiza pola man* e o de *adios ríos, adios fontes*.
		Recursos empregados: material funxible do centro.

		Presuposto: 40€
30	**Xoves de compadres**	Realizada o xoves 23 de febreiro. O compadre é un boneco que é elaborado polas rapazas da aula, a imitación do que se facía tradicionalmente nas aldeas, e débese esconder polo patio para que sexa o alumnado masculino quen de atopalo.
		Recursos empregados: material reciclado e material funxible do centro. **Presuposto**: 10€
31	**Xoves de comadres**	Realizada o xoves 30 de febreiro. A comadre é o boneco feminino feito polos rapaces da aula e que as nenas deben atopar.
		Recursos empregados: material funxible do centro e material reciclado. **Presuposto**: 10€
32	**Ordes do Meco**	O meco é un persoeiro ficticio que dá ordes de disfrace para toda a comunidade educativa. Neste caso escolléronse as ordes do Meco por votación do alumnado. Estas fóronse cumprindo os diferentes días do entroido.
		Recursos empregados: unha cartolina.
33	**Festividades do entroido**	Realizada o día 1 de marzo de 2019. A preparación da actividade esténdese dende o inicio do segundo trimestre. Este ano, dende o EDLG decidimos facer unha proposta temática para o entroido, sendo esta unha festividade típica da cultura galega, escollemos precisamente a cultura galega como tema. Cada nivel dos 9 cos que conta o centro escolleu un aspecto desta cultura galega para confeccionar disfraces para o día do desfile ao que se convidaron as familias, exalumans e exalumnos e as persoas maiores da residencia de anciáns próxima. A temática escollida por parte de cada nivel foi variada e en base á decisión do alumnado e do profesorado. Todas as temáticas tiñan como nexo ou os símbolos, a cultura ou persoeiros galegos.
		Recursos empregados: material funxible: cartolinas, papel pinocho, pegamento, cinta adhesiva, bolsas de plástico, disfraces, avalorios, cartón reciclado, pintura... **Presuposto**: 150€

34	**A lingua nas ondas**	Realizada ao longo do mes de maio e primeira semana de xuño de 2019. Esta actividade formou parte do mes das Letras Galegas, combinándose co traballo da revista *Trágame Terra*. Neste caso se creou un estudo de gravación dun programa de radio na aula de informática. Por este estudo foron pasando alumnas e alumnos para gravar un programa de radio con todo o que o define: cuñas, entradas e corpo de contido. Toda a actividade se centrou en diferentes aspectos da vida do centro.
		Recursos empregados: equipamento informático dispoñible no centro, dous cascos (comprados), dous micrófonos (comprados) e unha pequena mesa de misturas tamén dispoñible no centro. **Presuposto**: 78€
35	**Olimpíada do saber**	Realizada nas dúas últimas semanas de abril e nas tres primeiras de maio. Actividade realizada de forma conxunta co equipo de biblioteca onde se publican pistas semanais que deben ser resoltas por parte do alumnado coa axuda das novas tecnoloxías. Este ano centrouse na táboa periódica, nos elementos químicos e na figura de diversas químicas e químicos famosos.
		Recursos empregados: material funxible do centro.
36	**Xogos populares de maio**	Realizada o 16 de maio de 2019. Esta actividade foi a nosa homenaxe particular á figura de Antón Fraguas, xa que foi un estudoso das costumes dos diferentes lugares. Neste caso organizamos unha xincana consistente en 4 recunchos para o alumnado de educación primaria e 6 recunchos para o alumnado de educación infantil. Nestes recunchos debían realizar unha actividade ou xogo popular: • Baile tradicional • Turra soga • Zancos • Xogo de chapas • Xogo de bolechas

		• Chave • Xogo da ra • Pesca da botella Unha vez completaban a xincana debían cubrir un mosaico realizado coa imaxe de Antón Fraguas en cores.
		Recursos empregados: material funxible do centro e fotocopias en cor das imaxes de Antón Fraguas. **Presuposto**: 12€
37	**Revista *Trágame Terra***	A revista do colexio foi editada coma tódolos anos coa contribución de tódalas aulas. Despois dende o EDLG animamos ao alumnado a que traballasen sobre a propia revista: coloreando e facendo os pasatempos.
		Recursos empregados: impreso nunha empresa externa. **Presuposto**: 345€
38	**Mochilas pola lingua**	Esta actividade consistiría nunha visita a un lugar próximo da comarca por parte do alumnado do terceiro ciclo onde se produciría un encontro cun persoas que nos explicasen parte do patrimonio cultural da zona. Esta actividade foi aprazada e finalmente cancelada por coincidir con outras actividades do curso e por motivos temporais.
		Recursos empregados: non realizada finalmente.
39	**Presume de traxe: presume de lingua**	Actividade realizada en colaboración coa asociación de comerciantes de O Barco de Valdeorras e cos demais EDLG dos restantes centros do concello. A actividade constou de dúas partes: a primeira na que decoramos o paseo do Malecón de O Barco e a segunda na que organizamos unha xincana nos comercios. Tanto unha como a outra tiveron por centro o uso das prendas do traxe tradicional, xa que este ano a figura homenaxeada nas Letras Galegas: Antón Fraguas fora unha das primeiras persas en investigar e recompilar os diferentes tipos de traxes. Na primeira actividade o alumnado de educación infantil e primaria do centro elaborou un total de 48 camisetas nos que se tentou reproducir unha parte do traxe tradicional: dengue, mantelo, polainas ou saia, entre outras partes. Despois estas 48 camisetas, xunto coas dos restantes

		centros foron penduradas nas árbores do paseo de O Barco de Valdeorras. A segunda parte da actividade o alumnado que participa nas actuacións das unidades de educación especial elaboraron seis camisetas que se penduraron de taboleiros onde se representaron seis palabras que podían ser do traxe tradicional ou non. A xincana consistía en que o alumnado debía visitar as diferentes instalacións e descubrir se eran ou non partes do traxe tradicional.
		Recursos empregados: material funxible do centro, avalorios e material de costura, cordas, 54 camisetas, dous xogos de pinturas para camisetas, 21 planchas A3 de cores en goma EVA, teas de carnaval, imperdibles e pinzas. **Presuposto**: 300€

4.- PROPOSTAS DE MELLORA

As actividades anteriormente mencionadas acollen unha serie de propostas de mellora que foron realizadas polo profesorado do centro nos equipos de ciclo. Estas propostas de non teren sido realizadas se considera que a actividade se considera adecuada no contexto no que se empregou.

	ACTIVIDADE	PROPOSTAS DE MELLORA
1	**Cadernos informativos de pais e nais**	Avaliada positivamente
2	**Tradución de materiais e recursos**	Avaliada positivamente
3	**Asesoramento na revisión de documentos de centro**	Avaliada positivamente
4	**Todos os martes conto**	Avaliada positivamente
5	**Vaille co conto ao profe**	Avaliada positivamente
6	**Na busca do tesouro**	Avaliada positivamente
7	**O Barquiño de papel**	Avaliada positivamente
8	**Os nosos autores en**	Avaliada positivamente

	voz alta	
9	**Clubes de lectura e escritura**	Avaliada positivamente
10	**Lectura silenciosa**	Maior implicación do profesorado que estea a exercer na aula en cuestión, xa que non sempre aproveitamos ese tempo para exercer de exemplo e preparamos clases ou outras tarefas.
11	**Taboleiro de aniversarios**	Avaliada positivamente
12	**Actividades extraescolares e complementarias en galego**	Avaliada positivamente
13	**Feira do samaín**	Avaliada positivamente
14	**Seres mitolóxicos do samaín**	Avaliada positivamente
15	**Entre Lusco e Fusco**	Avaliada positivamente
16	**Exposición de seres mitolóxicos**	Avaliada positivamente
17	**Recuncho seguro no día do Samaín**	Avaliada positivamente
18	**Túnel do terror**	Avaliada positivamente
19	**Magosto**	Avaliada positivamente
20	**Peóns ao camiño**	Avaliada positivamente
21	**Xornada internacional contra a violencia de xénero**	Avaliada positivamente
22	**Semana da ciencia en galego**	Avaliada positivamente
23	**A caixa de correos**	Proponse que se realice de forma máis intensiva por parte das titorías, xa que pode ser unha boa actividade de lingua galega. Proponse que o alumnado da unidade de educación especial poidan exercer de carteiras e carteiros improvisados.
24	**O Nadal no Condesa: festival**	Proponse que a duración do festival sexa menor e permita que o alumnado estea menos tempo no festival.
25	**O Apalpador no**	Avaliada positivamente

	Condesa	
26	**Xornada da paz**	Avaliada positivamente
27	**A nosa voz conta**	Débese continuar para o ano que vén coas eleccións.
28	**O agarimo da lingua**	Concentrar esta actividade na semana do 6 de febreiro e non tanto na semana do 14 de febreiro.
29	**O Día de Rosalía**	Avaliada positivamente
30	**Xoves de compadres**	Avaliada positivamente
31	**Xoves de comadres**	Avaliada positivamente
32	**Ordes do Meco**	A proposta realizada por parte do alumnado mostrouse moi escasa e excesivamente dirixida aos intereses do profesorado ou do que supoñemos como máis adecuado.
33	**Festividades do entroido**	Avaliada positivamente
34	**A lingua nas ondas**	Avaliada positivamente
35	**Olimpíada do saber**	Avaliada positivamente
36	**Xogos populares de maio**	A organización de xogos debe ser menor que a presentada nesta ocasión. O equipo de docentes que exerzan as súas funcións deberían ser preguntados previamente sobre as súas destrezas no terreo a desempeñar. Débese nomear a unha persoa que exerza de mestra de cerimonias para marcar os tempos.
37	**Revista *Trágame Terra***	Avaliada positivamente
38	**Mochilas pola lingua**	Deberíase organizar con maior previsión
39	**Presume de traxe: presume de lingua**	Excesivo esforzo para o resultado que ofrece. Demasiado organizada dende as etapas de secundaria sen ter en conta as características do alumando de primaria. Pouca implicación da comunidade educativa na realidade.

5.- CONCLUSIÓN

Con esta memoria poñemos peche final ao curso 2018/2019 no que se refire ás actividades do EDLG.